

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*ORDE do 9 de outubro de 2015 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2016.*

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro), modificada pola Lei 1/2013, do 13 de febreiro (DOG do 14 de febreiro), determina no artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, de dez ao ano.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a Comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido na liña anterior e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, así que fosen publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas a que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada, realizarse antes do 15 de novembro e terá que se presentar xunto cos informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince días, contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o dito prazo sen resolución expresa, considerárase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se tivesen aprobado.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten competencia en materia de comercio de acordo co disposto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG do 9 de outubro).

En aplicación dos citados preceptos, logo da consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consu-



midores, procédese á fixación dos dez domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2016.

Por tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único

Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público durante o ano 2016 son:

3 de xaneiro

10 de xaneiro

24 de marzo

3 de xullo

24 de xullo

8 de decembro

1 de novembro

4 de decembro

11 de decembro

18 de decembro

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2015

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

